

En contestación ao seu escrito de data 4 de outubro, comunícolle que esta Xerencia, tal e como informou na última sesión de Consello de Goberno, a pesar de que estaba previsto, non está en condicións de presentar unha proposta de RPT, habida conta que a UDC non coñece datos suficientes para poder presentar un documento que conte co adecuado respaldo económico.

A UDC prevía, xa que así se anunciara, contar con información ao respecto do financiamento desde o pasado día 15 de setembro, mais a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a día de hoxe aínda non presentou ningún dato, feita a salvedade do anunciado hoxe mesmo no Parlamento e do que non coñecemos ningún detalle, xa que é información que provén dos medios de comunicación.

Sínalolle que o Plano Estratégico e a Programación Operativa Anual, son os documentos que hai uns meses foron a base económica para elaboración da RPT, presentada o pasado mes de xullo. Dada a actual situación económica e financeira, a UDC non está en condicións de poder garantir o cumprimento do disposto nos anteditos documentos, con respecto ao incremento do Cap.I.

Porén, informoo de que no momento en que se coñezan datos de xeito oficial, estaremos en condicións de traballar e de ser o caso presentar orzamento para o exercicio 2011 e polo tanto presentar unha proposta de RPT.

No tocante ás convocatorias, tal e como se admitiu na última xuntanza con vostedes esta Xerencia leva un retraso, que se tratará de solventar nos próximos días. Enviaranse por correo electrónico previamente a ese Comité de Empresa, tal e como está acordado.

Quedo en calquera caso á súa disposición para as facer as aclaracións que consideren.

Atentamente,

A Xerente



Mª Jesús Grela Barreiro

**SR. PRESIDENTE DO COMITÉ DE EMPRESA – PAS LABORAL
UNIVERSIDADE DA CORUÑA**



D: Xosé Manuel Portela Fernández, presidente do Comité de Empresa de Persoal Laboral,

COMUNÍCALLE:

Que diante dos reiterados incumprimentos dos prazos, marcados pola propia Xerencia, ao respecto da transmisión para ser informada, por este Comité, da Relación de Postos de Traballo e das convocatorias de probas selectivas sobre as que hai acordo no temario.

O Comité de Empresa, reunido o día 04 de outubro de 2010, acorda por unanimidade dos presentes dar un último prazo á Xerencia para actuar nos temas indicados.

O Comité de Empresa reunirase, de novo, o vindeiro día 13 de outubro para avaliar a resposta recibida.

De non haber resposta neste prazo o Comité realizará as accións que considere oportunas e que decidirá na devandita reunión.

A Coruña, 04 de outubro de 2010

Xosé Manuel Portela Fernández
Presidente do Comité de Empresa de Persoal Laboral

JOSÉ MARÍA BARJA PÉREZ
REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA



D: Xosé Manuel Portela Fernández, presidente do Comité de Empresa de Persoal Laboral,

COMUNÍCALLE:


Que diante dos reiterados incumprimentos dos prazos, marcados pola propia Xerencia, ao respecto da transmisión para ser informada, por este Comité, da Relación de Postos de Traballo e das convocatorias de probas selectivas sobre as que hai acordo no temario.

O Comité de Empresa, reunido o día 04 de outubro de 2010, acorda por unanimidade dos presentes dar un último prazo á Xerencia para actuar nos temas indicados.

O Comité de Empresa reunirse, de novo, o vindeiro día 13 de outubro para avaliar a resposta recibida.

De non haber resposta neste prazo o Comité realizará as accións que considere oportunas e que decidirá na devandita reunión.

A Coruña, 04 de outubro de 2010



Xosé Manuel Portela Fernández

Presidente do Comité de Empresa de Persoal Laboral

MARÍA JESÚS GRELA BARREIRO
XERENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA